



MANIFESTO DO 25N CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

CONCELLO DE TOURO

Hai 25 anos a Asemblea Xeral da Organización de Nacións Unidas designou o 25 de novembro como o Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, co fin de sensibilizar ao mundo enteiro respecto a este gravísimo problema. É así como España o adoptou no seu calendario oficial, e en xeral, os Estados foron asumindo que existen obrigacións concretas para previr a violencia, en calquera das súas formas cara ás mulleres, tratar as súas causas, como é a desigualdade histórica e a discriminación xeneralizada; así como investigar, axuizar e castigar aos agresores.

Os datos son contundentes:

- A ONU advírtenos na conmemoración deste ano que **cada 11 minutos asasinase a unha muller no mundo**, por un delito que en moitos países se denomina especificamente como FEMINICIDIO.
- En España, desde o ano 2003, a partir do cal leva rexistro no ámbito estatal das vítimas mortais de violencia de xénero, **1284 mulleres foron asasinadas** polas súas parellas ou exparellas ata a actualidade, sen contar fillas ou fillos e outros familiares que tamén foron asasinados por violencia vicaria. Ata esta data, **41 mulleres vítimas mortais a nivel estatal (1 onte mesmo en Sevilla), e 3 en Galicia** segundo os datos da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero.
- En canto a denuncias, as cifras en España tamén son arrepiantes: Só no 2023 houbo 533 denuncias ao día en España, que significou un 10% con respecto a 2022, segundo o Concello Xeral do Poder Xudicial. Destas denuncias, a Fiscalía sinalou que só o **0,01%** son falsas.
- En Galicia, **os xulgados galegos recibiron 21 denuncias ao día por violencia de xénero no segundo trimestre de 2024**, un 14,5% máis que o ano anterior. Sen contar que, a maior parte dos casos de violencia de xénero non se denuncian, especialmente nas zonas rurais, polo que quedan no esquecemento.

Este reconto rápido e por encima fainos ver sen entrar a máis, a tremenda lacra social á que nos estamos enfrontando. As leis e as políticas públicas son das mais avanzadas, pero **NON SON SUFICIENTES**: os casos persisten, mesmo aumentan.

Fan falta todos os recursos necesarios para protexer e reparar situacións de violencia, pero o máis importante, fai falta concienciarnos homes e mulleres das actitudes e esquemas machistas que debemos cambiar e superar. A educación e formación son por tanto, claves para unha nova resocialización que garanta a igualdade e a diversidade de todas e todos.

De modo que non podemos mirar a outro lado, é algo que nos compete a todas e todos, que nos compromete a plantexar cara aos maltratadores, a no ser cómplices e protexer a dignidade e os dereitos humanos ás vítimas desta violencia, calquera que esta sexa: **psicolóxica, física, sexual, económica e/ou vicaria**. E ter en conta que non só a que ocorre dentro das parellas ou ex parellas. Tamén son **violencias machistas**:

- A violación ou agresións sexuais;
- O acoso sexual ou por razón de sexo;
- Violencia dixital;
- Ameazas;
- Matrimonios forzosos;
- trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual;
- A prostitución, etc.

Só unidas e unidos podemos cambiar a extrema desigualdade nas relacións de poder entre os sexos para parar estes feitos desgarradores, mesmo entre parellas de moi curta idade.

Con todo, temos a convicción que as novas xeracións están a medrar baixo outros parámetros de comportamento, cada vez son máis as mozas e mozos que fomentan vínculos sans e igualitarios entre si. Porque unha sociedade só pode ser realmente democrática e desenvolvida, se todas e todos teñen iguais oportunidades reais e efectivas para exercer libremente os seus dereitos, se non se deixa atrás a gran parte da súa poboación, como son as mulleres, ou calquera dos grupos vulnerables.

Desde o Concello de TOURO reiteramos o noso compromiso pola erradicación das violencias machistas en todas as súas formas e combatelas con todos os recursos ao noso alcance, incluír a todas e todos nesta loita, a comunidade educativa, axentes sociais, cidadanía, medios de comunicación e sobre todos aos máis novos, coa esperanza que eles vivan outra realidade moi distinta da hoxe.